

Almanaque Agrícola

ano
LXXII

Ano 2024

Ano bisesto



Ponte sobre o río Tamuxe
O Rosal
(Pontevedra)

syngenta



Un complemento perfecto
para o teu programa herbicida



syngenta®

© 2023 Syngenta. Todos os dereitos reservados.

™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.

®


Índice

A nosa fábrica: Un día de plantación de árbores	4		
Rescatando anacos do noso pasado: Araucanía	6		
Rescatando un anaco da nosa cultura: “O oficio de latoeiro”	10		
Convocatoria novo certame: “Os fogueteiros”	22		
As nosas castes de vide: A variedade “Napalo”	23		
Orondis®Ultra	26		
Xaneiro	28	Santiago	40
Febreiro	30	Agosto	42
Marzo	32	Setembro	44
Abril	34	Outubro	46
Maio	36	Novembro	48
San Xoán	38	Nadal	50
Guieiro de herbas medicinais	53		
Guía de tratamentos viñedos galegos	56		
Guía de tratamentos viñedos ecolóxicos	58		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	61		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	62		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	64		
Tratamentos das patacas	66		
Tratamentos do millo e outros cereais	68		
O Parque Natural: Baixo Miño	69		
Feiras gastronómicas	76		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	83		
Contos	116		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	119		
Enderezos dos nosos colaboradores	122		



a nosa fábrica

Un día de plantación de árbores: Coidando o noso planeta



O 15 de abril, un grupo de voluntarios uníronse para plantar aproximadamente 100 castiñeiros no “merendeiro da Cabalaria”, se trata de unha especie autóctona para preservar a flora local e promover a biodiversidade.

O evento foi organizado polo grupo de Santiaguíños da fábrica de Porriño Syngenta e contou coa participación de aproximadamente 60 adultos, entre traballadores e familiares dos mesmos, así como uns 20 nenos que gozaron de actividades para eles, como pintar murais ou buscar ovos de pascua.





Plantar árbores é unha das formas máis efectivas de combater o cambio climático e protexer o noso planeta. Cada árbore que plantamos axuda a absorber o dióxido de carbono da atmosfera e a proporcionar un hábitat para a vida silvestre. Ademais, as árbores tamén proporcionan sombra, reducen a contaminación do aire e da auga e melloran a calidade de vida das comunidades locais. Neste evento, demostrouse que a colaboración entre empresas, voluntarios e comunidades locais pode ter un impacto significativo na protección do medio ambiente.

Os voluntarios dividíronse en equipos e comezaron a traballar en diferentes áreas. Todos xuntos, aproveitaron para regar os castiñeiros con Isabion para axudar ás árbores a crecer máis fortes.

Tamén participaron no evento membros da comunidade de montes de Pontellas, brindando a súa experiencia e coñecemento sobre a flora local e poñendo o espacio a disposición.

Ao final do evento, celebrouse unha degustación de tortillas e empanadas, que foi ofrecida por Syngenta e a comunidade de montes. Os participantes gozaron dun merecido descanso e compartiron historias e risas mentres disfrutaban da comida.

Os voluntarios despedíronse cunha sensación de logro e satisfacción. Sabían que fixeran unha diferenza tangible na súa comunidade e no medio ambiente.





ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS DE GALICIA

Araucania (*Araucaria* spp, L.)



A *Araucaria* presume de ser un dos seres vivintes máis lonxevos do noso planeta, non soamente porque, de crecemento extremadamente lento, pode vivir máis de 1.400 anos senón porque leva na Terra dende o Mesozoico, hai 240 millóns de anos, razón pola que é considerado un auténtico fósil vivinte.

Araucaria House Hotel (Barreiros - Lugo)

Descrición e ecoloxía

A araucaria pertence a un xénero extendido orixinalmente polo hemisferio sur. Dependendo das especies, é orixinaria de Oceanía, concretamente das illas de Nordfolk (Australia) ou dalgunhas rexións de América meridional (Chile, Arxentina, Uruguay e Brasil). Actualmente está distribuída por todo o mundo principalmente coma árbore ornamental. En Galicia moitos exemplares están vencellados ao retorno dos emigrantes de América Latina.

Árbore perenne de gran porte que pode acadar nalgúns casos os 70 metros de altura, como algunhas especies de Australia e Nova Caledonia.

As polas adoitan ser horizontais, e ben separadas cubertas con follas coriáceas ou aciculares. Nalgunhas especies, as follas son lanceoladas e de forma estreita, solapándose apenas, noutras son anchas e planas, e se solapan amplamente. As árbores teñen conos ou piñas masculinas e femininas e preséntanse en árbores separadas. Os conos femininos, xeralmente na copa da árbore, son globosos e conteñen de 80 a 200 sementes, grandes e comestibles, similares ás de piñeiro, pero maiores. Os conos masculinos son máis pequenos, de 4 a 10 cm, con forma de cilíndrico, de 1,5 a 5 cm de ancho.



Folhas de *Araucaria angustifolia*

Orixinalmente medra en terreos arillosos, rochosos e arenosos con boa drenaxe, polo común de orixe volcánico, en alturas onde a neve permanece sobre o chan boa parte do inverno, e xeralmente en lugares de baixas temperaturas estivais. As araucarias son especies altamente resistentes ás inclemencias climáticas. Pódense cultivar na zona norte de países onde se alcanza temperaturas xélicas, do mesmo xeito que en climas cálidos e como a zona mediterráneo, onde se poden alcanzar no verán temperaturas superiores aos 40 °C. En canto a

humidade ambiental, pode afacerse a climas costeiros, cunha tendencia maior de humidade que nas zonas continentais, onde tamén se pode cultivar sen problema. Unha maior humidade ambiental favorece o mantemento do seu verdor orixinal.

Usos

A madeira de araucaria é compacta, liviá, fácil de traballar e dunha cor branca amarelada, moi cotizada para labores de construción e carpintería. Antigamente os troncos rectos e cilíndricos empregábanse na fabricación de masts para embarcacións.

As sementes, chamadas piñóns, son comestibles e teñen alto valor nutricional. Constitúen a base da dieta tradicional dos pehuenches (“a xente do pehuén”), unha parte do pobo mapuche que habita na área dos Andes, onde crece esta árbore. Se ben a árbore non produce sementes ata os 25 anos de idade. Os piñóns da araucaria conteñen ácidos graxos esenciais como o Omega 6 e Omega 3. Estes axudan a coidar o sistema cardiovascular e o cerebro. Son ricos en vitaminas E, que reforzan o sistema inmunolóxico e aumentan as defensas. Teñen minerais como potasio, magnesio, ferro e zinc.



Dous exemplares de *Araucaria heterophylla* en Cambados

Outras curiosidades

A Araucaria e unha das escasísimas especies que nos levan acompañando desde os tempos nos que os dinosauros eran a especie dominante no planeta, e que en todo este tempo teñen cambiado moi pouco o que indica o seu extraordinario encaixe na natureza.

En Chile, a recolección dos froitos é todo un ritual e coñécese como “o piñoneo”, actividade que se realiza entre febreiro e abril de cada ano, e converteuse en toda unha atracción turística, na cal só os elixidos poden participar. O recto tronco necesita zapatos especiais para podelo escalar e como as follas son picudas necesitan tamén luvas reforzadas. Nalgúns casos os colleitadores deben subir varias decenas de metros. Alí arriba, cunha vara, péganlle ás bolsas de piñóns para que rebenten e solten os seus froitos.

En inglés as araucarias son coñecidas como “Monkey puzzle tree” ou “árbore do acertixo para monos”, nome que lle foi dado nunha cea da casa de Sir William Molesworth, cando un dos seus invitados, ollando para a intrincada copa da árbore que tiña plantada no seu xardín de Pencarrow House, comentou que incluso un mono trepador podería confundirse entre as súas polas. Iso concorda co nome que en francés ten a árbore: “désespoir des singes”: “desesperación dos monos”.

No folclore de Cambridgeshire, as árbores de araucaria plántanse no bordo dos cemiterios para evitar que o díaño suba polas súas ramas den-



Araucaria araucana do Soutomaior

tadas e logo observe tumbas frescas desde a súa percha puntiaguda.

Ramón Otero Pedrayo naceu no 1888 e morreu en 1976 cando cumpría 88 anos, precisamente o día que naceira. Naceu na rúa da Paz, e naqueles días o seu pai plantou en Trasalba, no pazo que ali tiña, unha araucaria (algúns din que tratábase en realidade dun pinsapo). Como fora, esa araucaria tiña a mesma idade que don Ramón. Otero Pedrallo referíase a esa árbore como “meu irmao” ou “irmanciño”. Derribou-na o vento o ano anterior á súa morte, e levou o home un disgusto tremendo. Logo, coa madeira da árbore derrubada fíxose a caixa en que foi enterrado Otero Pedrallo.

Árbores senlleiras

Araucaria do Brasil (*Araucaria angustifolia*, L.) dos **xardíns de Caldas de Reis**. É un das árbores singulares catalogadas do parque de Caldas de Reis. O seu tronco mide 32 metros de alto e no seu terzo superior sitúase a copa, desordenada e irregular. Desta especie hai uns exemplares ben sobranceiros no **parque de Castrelos en Vigo** e no **Pazo de Lourizán** en Pontevedra.

A *Araucaria araucana* (orixinaria de Chile) do **Castelo de Soutomaior**, a pesares de superar os 27 metros de altura e máis de 2 metros de circunferencia de tronco, apenas é un bebé de algo máis dun século e medio de idade. Foi candidata a árbore europea do ano 2019.

Araucarias de Cambados (*Araucaria heterophylla* (Salisb.) Franco). Estes dous exemplares de gran porte, con máis de 31 metros de altura e 2,5 de perímetro, destacan entre as vivendas da zona vella de Cambados (Pontevedra). Esta formación de araucarias acompaña no Catálogo Galego de Árbores Singulares a outros exemplares da mesma especie e similares dimensións: a *Araucaria excelsa* da **Casa de Tenreiro en Pontedeume** e a *Araucaria excelsa* do



Pazo de Rubiáns, en Vilanova de Arousa. Tamén destacan exemplares da mesma especie en **Casa Herminia en Vilarrube-Valdoviño**, no **Pazo Torres Agrelo en Redondela**, o fermoso exemplar do **xardín botánico de Lourizán**, na alameda de Pontevedra, nos **xardíns de Vicenti en Pontevedra** ou no **Pazo de Fefiñans en Cambados**.

A nomeada "**Carreira de araucarias de Noia**", un conxunto de árbores da especie *Araucaria bidwillii*, Hook, forma parte do catálogo galego de árbores senlleiras. Están situadas nos xardíns do **Pazo Varela Radío** (Pazo do Marqués) de Noia e pertence a especie coñecida como pino "bunya", ou "bunya bunya" polos aborixes australianos.



Piña masculina de *Araucaria angustifolia*



O OFICIO DE LATOEIRO

Autor: Xosé Lois Ripalda

Pequena historia dos latoeiros

A sociedade no medievo non se compón só de señores, para facer a guerra dentro ou fóra das propias alfándegas, ou de campeñiños senón que aparecen persoas que se dedican a traballar o coiro a madeira, o ferro ou lata como ocupación principal. O oficio de latoeiro é moi antigo tendo unha salientábel importancia no Renacemento estando vencellado a oficios como o de caldereiro, ou cobreiro. A preparación da follalata, é dicir láminas de aceiro ou ferro estañadas pola dúas caras, se descubriu no século XVI en Checoslovaquía de onde se espallou a outros países sendo o seu proceso moi complexo de xeito que deu unha das especialidades máis importantes da metalúrxica no século XVIII. Inglaterra foi un dos máis produtores de follalata onde traballaban no oficio uns 30.000 obreiros. A partir de 1918 se produce tamén moita cantidade en Francia, Alamaña, Noruega, Canadá,



Candis Hixto

Austria e Xapón. Sendo despois os de maior produción os Estados Unidos, aínda que o oficio de latoeiro como unha actividade complementaria ao ferreiro, comezou en occidente cando se organizaron en gremios.

O latoeiro en Galicia

O oficio de latoeiro, como tantos outros, en Galicia se desenvolveu nos arrabaldos das cidades para fabricar trebellos ademais de diversos tipos de perfías para uso doméstico. En principio non había unha escola onde se aprendese o oficio senón que se transmitían de pais a fillos os coñecementos para continuar coa labora que foi unha das máis importantes da Nosa Terra e das máis espalladas en principio itinerante, porén despois tiveron cada un o seu propio obradoiro. Eran uns homes mañosos amantes da súa arte e rexos como o material que empregaban por iso acadaron o agarimo e respecto de to-



Sella

dos pois co seu traballo contribuíron ao progreso do noso Pobo porque das súas mans saíron as mellores pezas artísticas. Hai que dicir que cando este oficio desapareceu por mor das técnicas modernas, os latoeiros se requerían para facer tuberías de zinc ou de chumbo e mesmo de placas para protexer as cociñas de ferro entre outras cousas. O progreso e os cambios dos últimos anos remataron con esta actividade ata case desaparecer.

Entre os derradeiros latoeiros hai que salientar a Pexerto Figueras en Chantada que tiña un obradoiro do que porta daba a alameda de onde se podían esculcar os diversos trebellos que fabricaba. Outro importante latoeiro foi Fernando Reboredo quen na localidade de Mosteiro, no concello de Meis, amosa un museo con cantidade de perfías para transportar, leite, auga, aceite xunto con máis de douscentos exemplares.



Funil




Fabricación dunha folla de lata


Entre as moitas aplicacións que se lle dá ao ferro está a de folla de lata lámina branca escintilante. O primeiro que se fai para fabricar unha folla de lata é limpar as follas ou planchas de ferro para iso se mergullan durante uns momentos nun baño de ácido clorhídrico esluído en auga para despois quentalas nun forno ata avermellala. Logo se enfrían ao aire e se petan en sobexo para sacarles as impurezas se alisan e se pasan por dous cilindros de ferro. Despois se lle fan outras operacións ata purificalas por completo. A continuación se mergullan un baño de sebo licuado de onde se sacan ao cabo dunha hora para introducirlos noutro baño de estaño fundido e cuberto dunha capa de sebo. Ao cabo dunha hora e media, máis ou menos, se retiran deste derradeiro

baño e se lle desbota o estaño que sobre, a fin se limpan e se alustran e xa está rematada a fabricación duha folla de lata.

A folla de lata foi a perfía perfecta para resistir o mal tempo. A comezos do século XX os xoguetes se fabricaban con este material o mesmo que os recipientes para a conservación dos alimentos pois a lata era algo a tergo contra a erosión. Para converter a lata en obxetos son necesarias catro operacións a primeira a de trazar liñas a segunda retrincar a terceira martelar e a cuarta soldar.

O trazado de liñas se fai por medio de regras, punzóns ou de compases de puntas agudas, o de retrincar coas cizallas, e para darlle forma se peta con martelos e mazas de madeira e cunha aleación de estaño e chumbo se fai a soldadura.





UTENSÍLIOS DO LATOEIRO


- 1. - Candís
- 2. - Xerra
- 3. - Farol
- 4. - Raiador
- 5. - Canada
- 6. - Alcuza
- 7. - Almofariz

Material e ferramentas

O material máis importante para o latoeiro era a folla de lata aínda que tamén usaba o zinc. Entre outros materiais estaba a chapa galvanizada que empregaba para facer cubas e barreños. O latoeiro dispoñía dunha caixa de madeira que levaba nos extremos unha correa para pendurar dos ombreiros.


As ferramentas que usaba eran moi variadas entre elas estaban a cizalla

que só ten un mango e no canto doutro unha punta de ferro. Os martelos que remataban con distintas formas das cabezas: planas, redondas ou de bola. Os compases se empregaban para facer círculos nas tapadeiras. Como soportes para petar se usaban as bigornias que é unha zafra de dúas puntas redondeada ou cónicas unha máis longa ca outra. e plana na parte superior, aínda que




tamén podía ser de ferro, se usaba para encorvar a lata e facer tubos cortos. As tranchas necesarias para cortar e marcar a folla remataban en gume xa fosen planas ou curvas. Os punteiros para facer enfeites nas chapas e os de punta fina buratos en zarandas e outros obxectos como coadores. As tenaces de forma triangular co que se facían buratos nos reladores de pan. Os aramios se cortaban con tenaces de diferente grosor. Os troqueles cortaban petando.

A tas pequena zafra que se encaixa no banco do latoeiro por medio dunha espiga. Os soldadores compostos dunha varilla de ferro rematada en puño de madeira e que leva no outro extremo unha cabeza con punta achaflada que tiña como uso o de estañar. O latoiro para traballar mediante as ferramentas dispoñía dunha mesa rectangular formas para roscóns, bandexas, canadas funiles, candís, sellas ou baldes entre outras moitas cousas.




FERRAMENTAS O LATOEIRO

1. - Mazo
2. - Soldador
3. - Tenaces
4. - Alicates
5. - Compás
6. - Martelos
7. - Trancha plana
8. - Trancha curva
9. - Trancha unlla
10. - Bigornia



O estampado de enfeites en relevo e o encorvado facía nunha máquina composta de tres cilindros de ferro, dous do mesmo nivel e un terceiro máis alto. Entre os dous primeiros e o derradeiro se colocaba unha folla

de lata e despois se lle daba voltas a un beo que o facía xirar aos tres e deste xeito queda encorvada a folla de lata. As máquinas de estampar se compoñían de dous cilindros que xiraban por medio dunha roda dentada e unha manivela. Nos extremos leva discos gravados que estampan a lata ao poñela entre eles.



PARTES DUNHA MÁQUINA DE ESTAMPADO

1. - Chave
2. - Beo
3. - Discos
4. - Cilíndros
5. - Soporte
6. - Base




Leiteira

Moitos foron os trebellos fabricados polos lateiros entre os máis sinxelos estaban bandexas grandes para cocer nelas doces caseiros, alcuzas para o aceite, regadeiras para regar as plantas dos testos de flores. As palas empregadas nas tendas para botar as lentellas, garabanzos fabas etc, os raladores para o pan duro. Outros obxectos erán as zarandas que limpaban o arroz de impurezas, cazos cos que sacar o aceite. Os candís todos tiñan unha forma semellante é dicir un deposti-

to de folla de lata con dúas bocas, unha para botar o aeite ou o gas e outra para a torcida. As lanternas eran unhas caixas de lata coas paredes de vidro cunha asa e no interior un depósito co combustíbel e a mecha. Para asar as castañas se empregaba unha tixola de folla de lata cilíndrica con dúas asas e co fondo cheo de buratos. Os faroles dos carros e carruaxes requerían un traballo especial, eran de forma redonda e había que acoplarlles un cristal. A auga da fonte se traía no balde en forma de tronco de cono con dúas asas e para coller auga del o tanque de forma cilíndrica cunha asa. O cazo semiesférico cun longo mango rematado en gancho para penduralo dunha das asas da sella.

O leite unha vez munnido da vaca se trae na canada, semellante ao tanque aínda de maior tamaño, con anga no canto da asa. Para lumear a botar o pienso de noite as cabaleirías e regar se utilizan o traqueado de carburo.

Tamén os lateiros facían unha estensa colección de medidas de capacidade como o litro, medio litro, cuartillo. As medidas se completaban con cántaros xa fosen para o viño ou aceite.



Leiteira

Refrans

- ↻ Amigo sen aprobación non sei si é amigo de ouro ou de latón.
- ↻ O latoeiro polas esquinas arranxan tixolas finas.
- ↻ O pasto en marzo é ouro en abril prata e en maio folla de lata.
- ↻ Un mal latoeiro para tapar un burato rompe o caldeiro.
- ↻ Esmola para o pobre latoeiro que lle sobra vida e lle falta diñeiro.
- ↻ Da lata e latón sabe o latoeiro un montón.
- ↻ Bigornia para o latoeiro e garlopa para o carpinteiro.
- ↻ Por moitos buratos que teña o caldeiro sempre os tapa o bo latoeiro.
- ↻ No obradoiro dun latoeiro sobran caldeiros e falta diñeiro.
- ↻ O latoeiro tapa os buratos que roen os ratos.
- ↻ Para cortar as planchas nada mellor que as tranchas.
- ↻ Con cuidado usa o latoeiro o punteiro.
- ↻ Das mans do latoeiro sae o candil e tamén o funíl.
- ↻ Quen teña potas que arranxar que llas leve ao latoeiro para as amañar.
- ↻ Con moita paciencia e corazón empurra o latoeiro o punzón.
- ↻ O latoeiro co seu bo facer a todos quere satisfacer.
- ↻ A cadea de prata é o candil de follalata.
- ↻ Mellor é xoguete de latón que non de cartón.
- ↻ Folla de lata mal estañada non vale nada.
- ↻ Para conservar o pementón nada mellor que a caixa de latón.
- ↻ Non hai nada mellor que beber o leite pola canada.
- ↻ Todo o mundo se decata cando alguén mexa enriba dunha folla de lata.
- ↻ Aceiro revestido de estaño dura todo o ano.
- ↻ Para facer buratos co sacabocados non é tan doado como xogar aos dados.
- ↻ A gas ou a sail alumea o candil
- ↻ Mexa tranquilo, mexa contento, porén sempre da lata dentro.
- ↻ Sexa para o viño ou o aceite o latoeiro fai o seu recipiente.
- ↻ Con tranchas de gume curvo ou plano traballa o latoeiro todo o ano.
- ↻ O latoeiro vai a feira vender os obxectos que no obradoiro vén de facer.
- ↻ O bo campaneiro vese na colada e o latoeiro na petada.
- ↻ Que non lle falte ao adegueiro as medidas de capacidade que fai o latoeiro.

Ditos

- Estar como sardiñas en lata.
- Dar a lata.
- Ser como unha folla de lata.
- Que latazo!



UTENSILIOS DO LATOEIRO

- Alcuza
- Lanterna
- Sella
- Tanque
- Canada
- Regadeira



Candis Nixto

Cantigas

- San Sebastian de Vizcaia / cando entran os cacharreiros / como non teñen calzóns / se lles ve o follalateiro
- Os solteiros son de ouro / os casados de prata / os viudos de cobre / e os vellos de follalata
- Por camiños e congostras / por vales e aldeas / o latoeiro esgutía / hai potas que arranxar
- Pola ardentíae pola friaxe / co seu paseniño camiñar / tráballo o latoeiro anda procurar.
- A medalla de ouro / a cuba de carballo / o traxe de pana / os zocos de amieiro / e de lata a leiteira.
- O latoeiro pode a lata encorvar / liñas trazar / mesmo estampar / e facer tuberías para o lar.
- O latoeiro foi a misa / Non se soupo presinar / cando tocaron a santos / comezou a latoar.
- Agora que vén o verán / alegría para as mulleres / que se poñen na fiestra / ollando para os latoeiros.
- O latoar deume cartos / o traballo rematou / agora os cartos gañados / xa están gastados.
- Non te cases cun ferreiro / que te queima coas muxicas / casate cun latoeiro / que che fai cousas bonitas.



Lanternas

Lenda

En tempos cando as invasións dos piratas se producían a cotío ás vilas, sobre todo as que se atopaban ao carón da costa, eran presa doada. Por iso un rei dun destes lugares mandou erxer un castelo no cumio da vila para poder defenderse mellor. Porén os piratas tamén perfeccionaron os seus ataques polo que o perigo continuaba. Entón o rei convocou a consello para procurar un medio de defensa contra as invasións e ningún lle satisfacía. Un día se presentou un latoeiro no castelo e díxolle –Eu sei a maneira de facerlles fronte aos atacantes para iso se deben poñer láminas de follalata nas ameas do castelo.
–E despois que pasará? –Pregunta o rei.

–Pois o sol fará o resto –reponde o latoeiro.

Así cando se produxo o ataque os raios de sol se refletían nas láminas de lata e como consecuencia cegaban os ollos dos piratas e tiñan que abandonar a invasión.

Ante a gran desfeita os piratas atacaron un día que había brétema e de novo volveron os atrancos para defender o castelo.

Entón o rei chamou ao latoeiro e zafrañoulle que o seu invento non valesse cando hubese brétema.

Entón díxolle moi tranquilo.

–O meu invento non era para ataques a sombra.

Conto

O viaxeiro andaba a per correr as vilas coa fin de coñecer os seus costumes con estes degaros chegou a unha delas e chamoulle a atención que os toques que durante o día marcaban o paso das horas non viñan dun edificio público. Entón preguntou a primeira persoa que se cruzou con el: –Onde está o reloxo que indica as horas?

O home respondeulle:

–Aquí non precisamos ningún reloxo para dar as horas do día pois diso se engarga o latoeiro.

Entón preguntou o viaxeiro

–E que clase de péndulo usa?

–Pois teño que dicirle que o péndulo e manual e funciona a golpes de mazo

O viaxeiro seguiu a preguntar cada vez máis aglañado:

–Pola noite fará moito rúdo?

–Polas noite non funciona pois molestaria o seu.

–E con ese procedemento non adianta ou atrasa

–Iso depende de que o latoeiro pase antes pola baíuca.

Ante tales desatinos o viaxeiro non fixo máis preguntas, malia decatouse de que o seu reloxo lle parara e dixo.

–Só faltaba isto veremos como fago agora para poñer o reloxo en hora

O home que escoitou as queixas do viaxeiro díxolle:

-Non ten que preocuparse pronto van a dar as doce e aínda o latoeiro non entrou na baíuca polo que non teña medo será puntual.

E o viaxeiro continuou a viaxe xa co reloxo en hora.



Lanterna de carburo



Candis Fixto



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2024

TEMA: "Os fogueteiros"

SYNGENTA, continuando coa tradición deste "Almanaque" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun **PREMIO DE 750 €** ao mellor traballo sobre "O oficio de fogueteiro".

O traballo gañador publicárase na próxima edición do "Almanaque agrícola ZZ".

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España SAU, A Relva, s/n, 36400 O Porriño (Pontevedra)**. Referencia "CONCURSO" antes do 15 de outubro de 2023. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregarlos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no idioma galego normativo, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (e-mail, memoria portátil, ...). Admitiranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón contacto. marketing@syngenta.com, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
 - Pequena historia dos fogueteiros.
 - Os fogueteiros en Galicia.
 - Fabricación de un foguete e tipos de foguetes.
 - Materiais e ferramentas para a fabricación de foguetes.
 - Maquinaria usada polos fogueteiros.
 - Técnica de lanzamento de foguetes, seguridade.
 - Refrás, cantigas, ditos lendas e pequenos contos.

Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.
- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a os participantes a partir do 15 de novembro de 2024.

As novas Castes de Vide

A variedade “Náparo”

Sinonimias: Non se coñecen

1. Antecedentes

Variedade de uva de mesa. García de los Salmones (1914) cítala como cultivada na localidade de Celanova na provincia de Ourense.

2. Situación actual

Presente en parras illadas localizadas nos arredores das casas. Atopáronse exemplares nas comarcas do Ribeiro e A Baixa Limia.

3. Descripción morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta, glabra, sen pigmentación ou con pigmentación reberetada de intensidade moi débil. A cara dorsal e ventral dos entrenós e nós é verde. As xemas non presentan pigmentación antocianica nas brácteas.




Folla nova

A folla nova é verde e glabra.

Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño grande e forma pentagonal, con cinco lóbulos; glabra; perfil en V; dentes de lados rectilíneos, de lonxitude longa en relación á súa anchura; seo peccolar con lóbulos moi abertos e coa base en forma de chave, ás veces con presenza de dentes; seos laterais superiores lixeiramen-



te superpostos coa base en forma de chave ou en U; pecíolo damesma lonxitude que o nervio principal.

Acio

O acio é cónico, moi longo, ancho, de compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás.

O pedúnculo é de lonxitude media.

Bago

O bago de cor rosa presenta forma elíptica longa.



Descrición tomada da:

A colección de vides da estación de viticultura e enoloxía de Galicia Consellería do medio rural – Xunta de Galicia.

Agradecimiento:

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA).



Orondis[®]Ultra

Orondis[®]Ultra é o novo fungicida de Syngenta para o control do mildeu na vide

Orondis[®]Ultra leva na súa composición dúas substancias activas:

Mandipropamid que ten unha alta eficacia contra o mildeu e que coñecemos por formar parte da composición doutros fungicidas para o control do mildeu da vide (Ampexio, Revus... etc.)

Oxitiapripolin (OXTP) é unha nova substancia activa, cunha nova forma de actuación, pertencente a un novo grupo químico.

- OXTP é moi potente e so 29 g de activo é suficiente para o control da enfermidade, ten unha elevada persistencia, superior ós produtos empregados actualmente para o control do mildeu.
- OXTP actúa inhibindo a proteína de unión ó oxisterol, que forma parte no movemento dos lípidos entre membranas.

Orondis[®]Ultra é eficaz nas etapas clave da esporulación, xerminación e na fase inicial da infección, detendo ó patóxeno nestes puntos impedindo o seu desenrolo.


Orondis[®]Ultra ten un sistema ascendente, protexendo os novos brotes e é moi resistente ó lavado pola choiva posterior a súa aplicación.

Orondis[®]Ultra é respetuoso cos auxiliares.

Orondis[®]Ultra é “Un gran salto fronte ao mildeu”.



Folla sem tratar



Folla tratada con Orondis[®]Ultra aplicada como pingas a través dunha banda no centro da folla

Movemento e protección acrópeta

Zona de aplicación

 **Orondis[®] Ultra**

**UN GRAN SALTO
FRONTE AO MILDIU**



 **Orondis[®] Ultra**

syngenta[®]

© 2023 Syngenta. Todos os direitos reservados.

™ y © son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.

®








Xaneiro

O TEMPO

O mes encantarás con toldados mingoados malia con lentura e friaxe que agoira fortes xeadas, o carazo será dabondo así como as brétemas e celaxes. Contra mediados de mes o ceo se cubrirá de nubeiros mestos que como consecuencia en algunhas bisbarras, darán lugar a chuvias e pode escarabanar dun xeito forte. Nos cumios dos montes as folerpas farán acto de presenza. Non obstante no decorrer do mes se poderá disfrutar dun tempo boente que se agradecerá nun mes sempre xeiro. O estado do mar tempestuoso.

*"Auga de xaneiro enche adega e cabaceiro"
"En xaneiro pecha a porta e encende o braseiro"*


DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2023)	12,6	2,2	7,0	15	146,03
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2023)	10,5	4,4	7,6	17	289,25
Lugo	Campus Lugo (2000-2023)	10,2	1,2	5,0	12	86,82
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2023)	11,9	6,1	8,9	14	117,7
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2023)	9,5	2,7	5,8	7	90,6
	Ourense (2005-2023)	11,6	1,4	5,3	6	71,0
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2023)	11,4	0,3	4,8	12	128,8
	Corón-V. de Arousa (2002-2023)	12,8	6,8	9,6	9	111,5

1 L. **Nai de Deus.** S. María.
1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma galego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.

2 M. Ss. Basilio; Gregorio.

3 M. S. Xenoveva.

4 X. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.

Cuarto Minguante *1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).*
1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.

5 V. S. Emilia.
1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.


6 S. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.

7 D. **Bautismo do Señor**
S. Raimundo.
1950. Morre Castelao en Bos Aires.

8 L. Ss. Luciano; Eladio.
1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.

9 M. S. Lucrecia.

10 M. S. Gonzalo.

11 X. S. Alexandre.
1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.

Lúa Nova *1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.*

12 V. S. Xulián.
1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.

13 S. S. Hilario.

14 D. S. Félix.

15 L. Ss. Raquel; Amaro.

16 M. S. Marcelo.

17 M. Ss. Antón Abade; Guido.

18 X. Ss. Prisca - Priscila.


Cuarto Crecente

19 V. S. Mario.

20 S. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.

21 D. S. Inés.

22 L. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 M. S. Virxinia.

24 M. S. Francisco de Sales.

25 X. S. Elvira.


Lúa Chea

26 V. Ss. Timoteo; Tito; Guimara; Ansurio; Viliúlfo.

27 S. Ss. Ánxela Merici.

28 D. **Domingo de Septuaxésima.**
S. Tomé de Aquino.
1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.
1902. Nace o pintor Urbano Luigrís.

29 L. S. Valerio.
1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.
1930. Morre o poeta Manoel Antonio.

30 M. S. Martiña.
1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

31 M. Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.
1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.






O TEMPO

O tempo no comezo do mes vai a ser semellante ao seu antecesor ao ter que xamacar ventos, alporizados, rispíos, destemerados e cebrigadas como consecuencia dos ceos embatumados polos nubeiros que arrousarán os ventos procedentes do atlántico. O mal tempo acompañará na maioría dun mes con sonda de toleirón con xeadas e lentura ao lumbrigar dos días que os labregos lles gustaría fosen máis longos para poder rematar as tarefas do agro sobre todo da viña. Así é todo non faltarán solleiras para queutar o carrelo. O mar amosarase picado.



*"Febreiro é o mes máis corto e o máis ruín"
"En febreiro ningún día e semellante a outro"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2023)	15,7	4,0	9,5	8	67,57
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2023)	12,0	4,0	7,3	12	200,93
Lugo	Campus Lugo (2000-2023)	14,7	1,3	7,2	6	59,57
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2023)	14,9	6,5	10,4	6	53,1
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2023)	13,4	4,8	8,6	5	52,8
	Ourense (2005-2023)	16,5	2,4	8,3	4	38,9
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2023)	14,1	0,9	7,3	7	69,4
	Corón-V. de Arousa (2002-2023)	14,6	7,5	10,8	7	55,7

- 1 X.** S. Severiano.
- 2 V.** S. Candeloria. *Presentación do Señor.*
- 3 S.** Ss. Brais; Óscar; *Francisco Blanco.*
1807. *Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.*
-  Cuarto Minguante
- 4 D.** S. Xilberte.
1135. *Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).*
1864. *Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.*
1893. *Morre en Vigo Concepción Arenal.*
- 5 L.** S. Ádega.
- 6 M.** Ss. Doris; Paulo Miki.
- 7 M.** S. Gastón.
1876. *Primeiro número da publicación O Tío Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.*
- 8 X.** Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.
1835. *Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.*
- 9 V.** S. Rebeca.
-  Lúa Nova
- 10 S.** S. Escolástica.
1810. *Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.*
1890. *Naufraxio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.*
- 11 D.** Nosa Señora de Lurdes.
1885. *Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.*
- 12 L.** S. Pamela.
- 13 M.** **Martel de Entroido.**
S. Beatriz.
- 14 M.** **Mércores de Cinza.**
Ss. Cirilo; Valentín.

- 15 X.** Ss. Fausto; Xurxa.
1765. *Sae á rúa o xornal La Región.*
1944. *Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.*
- 16 V.** S. Samuel.
-  Cuarto Crecente
- 17 S.** S. Aleixo.
- 18 D.** S. Bernarda.
- 19 L.** S. Álvaro.
1949. *Fundación de Cerámicas do Castro.*
- 20 M.** S. Clodio.
- 21 M.** S. Severino.
1900. *Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.*
- 22 X.** Ss. Eleonora, Nora.
- 23 V.** S. Florencio.
1908. *Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".*
- 24 S.** Ss. Rubén; Serxio.
1837. *Nace en Santiago Rosalía De Castro.*
1985. *Comeza a emitir a Radio Galega.*
- 25 D.** Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio.
1861. *Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.*
- 26 L.** S. Augusto.
- 27 M.** S. Leandro.
- 28 M.** S. Román.
1981. *Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.*
- 29 X.** Rufino mr.



Marzo

O TEMPO






O mes se presentará con días espellantes porén decontado haberá, chuveiras, sa-raibadas e mesmo treboadas coas súas arroutadas como ten por vezo cun tempo avolto con toldados sen desbotar algunha que outra folerpada, xeadas e brétemas ao amencer. Por todo iso non é de estrañar que os labregos o consideren un trasno, tarabelo, toleirón ou viradeiro entre outros alpurnes que non o deixan quedar ben. Con todo ao decorrer do

mes presentará a súa mellor cara con días mainos e temperatura morna. O mar revezará con días calmos e outros de mar grosa.

"O mes de marzo troca sete veces ao día"

"A primavera a vinte de marzo entra"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2023)	16,3	3,9	10,2	8	76,44
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2023)	13,8	5,2	8,9	13	217,85
Lugo	Campus Lugo (2000-2023)	15,8	2,8	8,8	9	80,61
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2023)	14,4	7,3	11,0	8	44,9
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2023)	15,5	4,8	9,5	6	75,1
	Ourense (2005-2023)	18,7	3,8	10,6	6	67,1
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2023)	15,4	1,3	8,1	7	96,7
	Corón-V. de Arousa (2002-2023)	15,7	8,6	12,0	8	93,9

1 V. S. Rosendo.
1493. *Arribada da caravela La Pinta ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.*

2 S. S. Lucio.
1886. *Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.*

3 D. S. Celidonio.


Cuarto Minguante

4 L. Ss. Ariel; Capitón.
1889. *Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.*
1936. *Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.*

5 M. S. Olivia.
1888. *Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

6 M. S. Elcira.
1856. *Banquete intelectual de Conxo, con Pondal e Aurelio Aguirre.*

7 X. Ss. Perpetua; Felicidade.
1908. *Morre en Cuba o escritor Curros Enríquez.*
1909. *Nace en Santiago Xosé Mª Castroviejo.*

8 V. S. Xoán de Deus.
1917. *Morre na Coruña Eduardo Pondal.*

9 S. S. Francisca Romana.
1695. *Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.*

10 D. S. Macario.
1944. *Editase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castela.*
1965. *Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".*

11 L. S. Eulolio.

12 M. S. Norma.

13 M. S. Rodrigo.

14 X. S. Matilde.

15 V. S. Luisa de Marillac.

16 S. S. Heriberto.

17 D. S. Patricio.
1960. *Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.*


Cuarto Crecente

18 L. S. Cirilo.
1897. *Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.*

19 M. S. Xosé.
1847. *Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.*

20 M. S. Alexandra.
1886. *Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.*

21 X. S. Uxía.
1874. *Nace na Coruña o músico Andrés Gaos.*

22 V. S. Lea.
1992. *Morte do poeta Antón Avilés De Taramancos.*

23 S. S. Dimas.

24 D. Domingo de Ramos.
Ss. Elba; Catarina de Suecia.

25 L. S. Anunciación.
1990. *Morre en Santiago Ricardo Carvalho Calero.*


Lúa Chea

26 M. S. Braulio.
1930. *Pacto de Lestrove.*


27 M. S. Ruperto.

28 X. Xoves Santo.
S. Octavio.
1809. *Os exércitos de Morillo e Cachamuiña liberan Vigo dos Franceses.*
1966. *Morre en Lalín o astrónomo Ramón Mª Aller.*

29 V. Venres Santo.
S. Gladys.

30 S. Sábado de Gloria.
S. Artemio.


31 D. Domingo de Pascoa.
Ss. Benxamin; Balbina.
1901. *Nace en Ponteareas o escritor Fermín Bouza Brey.*


Cambio horario (Adiantarase o reloxo 1h)

Abril






O TEMPO

O mes principiará uns días cun ceo raso para axiña cambiar con brétema nos vales fluviais e fortes xeadas noitargas asi como orballadas. Noutros días polo contrario con ceos chumbizos no que a presenza de chuvias será escasa como ten por costume este mes en Galicia. Malia todo non se desbotan días amornecidos o que agradecerán os labregos sempre neste mes co temor as xeadas para endamal do agro sobre todo no tocante as videiras que xa comezaron agrelar. O estado do mar cha.



*"Abril aos campos fai ri"
"A chegada do abril o sangue altera"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2023)	16,6	5,8	11,2	13	101,63
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2023)	15,0	6,3	10,3	12	152,93
Lugo	Campus Lugo (2000-2023)	16,2	5,0	10,1	13	119,80
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2023)	15,1	8,4	11,7	12	59,0
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2023)	15,8	5,6	10,0	14	127,7
	Ourense (2005-2023)	18,9	6,2	12,0	12	121,6
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2023)	15,6	3,4	9,3	13	136,2
	Corón-V. de Arousa (2002-2023)	15,8	9,6	12,6	14	176,1

1 L. S. Hugo.
1188. *Inauguración do "Pórtico da Gloria" da Catedral de Santiago.*
1844. *Comeza en Lugo a "Revolución Progresista Galega".*
1917. *Sae á rúa o xornal El Ideal Gallego.*

2 M. Ss. Xandra; Francisco de Paula.



Cuarto
Minguante

3 M. S. Ricardo.
1841. *Nace en Santiago o escultor Isidoro Brocos.*

4 X. S. Isidoro.
1284. *Morte de Afonso X o Sabio, creador das Cantigas de Santa María.*

5 V. S. Vicente Ferrer.
1889. *Nace en Lugo o pintor Jesús Rodríguez Corredoira.*
1896. *Nace en Ourense o galeguista Ben-Cho-Shey.*
1897. *Morre na Coruña Francisco de la Iglesia, autor da letra da famosa Alborada de Pascual Veiga.*
1902. *Nace en Pontevedra o pintor Arturo Souto.*
1979. *Morre na Coruña Luís Seoane.*
1926. *Xoaquín Loriga inicia o voo Madrid-Manila.*

6 S. S. Edith.

7 D. Domingo de Quasimodo -
As Pascuiñas.
S. Xoán Bautista da Salle.
1963. *Créase a Fundación Penzol en Vigo.*

8 L. S. Constanza.



Lúa Nova

9 M. S. Demetrio.
1842. *Nace o compositor Pascual Veiga en Mondoñedo, autor do Himno Galego.*

10 M. S. Ezequiel.
1874. *Nace na Coruña o pintor Francisco Lloréns.*
1976. *Morre en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

11 X. S. Estanislao.

12 V. Ss. Arnaldo; Xulio.
1888. *O químico Antonio Casares e Rodrigo falece en Compostela.*

13 S. Ss. Martiño; Aída.
1840. *Nace en Lugo Juan Montes Capón, un dos mellores músicos galegos de todos os tempos.*

14 D. S. Máximo.

15 L. S. Crescente.



Cuarto
Crecente

16 M. S. Flavio.

17 M. Ss. Leopoldo; Aniceto.

18 X. S. Vladimir.
1978. *Constitúese a Xunta de Galicia.*

19 V. S. Enma.

20 S. S. Edgardo.

21 D. S. Anselmo.

22 L. Ss. Karina; Señoriña.

23 M. S. Xurxo.

24 M. S. Fidel.



Lúa Chea

25 X. S. Marcos.
1734. *Nace na Coruña José Andrés Cornide Saavedra.*
1974. *Revolución dos Caraveis en Portugal.*

26 V. Ss. Cleto; Marcelino.
